

RESOLUCIÓN SOBRE A ASIGNACIÓN POLA LISTAXE DE AGARDA DUNHA PRAZA DE TITULAR DE UNIVERSIDADE CORRESPONDENTE Á OEP 2023

A Resolución do vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente do 25/04/2023, pola que se aprobou a prelación definitiva de solicitudes admitidas e excluídas da Convocatoria para o establecemento dunha listaxe de prelación para a execución da oferta de emprego público do ano 2023 en relación á convocatoria de prazas de Catedrático/a de Universidade, de profesor/a Titular de Universidade e de profesor/a Contratado/a Doutor/a, asignou no punto 1.b. de prazas de Titular de Universidade a praza no 8º posto a CR, MC, profesora Contratada Doutora da área de coñecemento de Álgebra, para posibilitar a súa promoción á categoría de Titular de Universidade.

O día 30 de outubro de 2023 a persoa destinataria desta promoción renuncia á súa vinculación coa Universidade da Coruña, con data de efectos do 31 de outubro de 2023.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Asignar a praza vacante ao primeiro posto da listaxe que aparece no punto 1.f, *Áreas de coñecemento onde non se poden convocar prazas de Titular de Universidade con cargo á Oferta de Emprego Público do ano 2023*, seguindo a orde de prelación definitiva de Titular de Universidade que corresponde a SN, D, profesor Axudante Doutor da área de coñecemento de Linguaxes e Sistemas Informáticos, para posibilitar a súa promoción á categoría de Titular de Universidade.

Contra a presente resolución, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de alzada ante o reitor da Universidade da Coruña, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da Universidade da Coruña.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente
Alberto Valderruten Vidal

Código Seguro De Verificación	XkLJTqFeGy7VLZPX3hQucQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	07/11/2023 09:28:44
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/XkLJTqFeGy7VLZPX3hQucQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

